

Quén se beneficia da privatización dos servizos públicos?

A privatización da maior parte das actividades e servizos que prestan as administracións públicas está-se impondo progresivamente baixo o principal pretexto de mellora do servizo e redución de gastos.

A realidade é ben distinta, estamos ante un fenómeno de natureza política que responde ao deseño feito en organismos internacionais, como a Organización Mundial do Comercio (OMC) ou o Acordo Xeral sobre o Comercio dos Servizos (AXCS), coa intención de entregar o "apetitoso" sector público ás grandes transnacionais.

As privatizacións cuestionan os mecanismos de produción e provisión dos bens e servizos públicos do Estado de benestar, atacando as prestacións e o servizos básicos para garantir os condicións de vida dos cidadáns: educación, sanidade, limpeza, agua, etc.

A privatización supón unha barreira na participación dos cidadáns sacando dos organismos públicos, onde teoricamente podemos incidir, a capacidade de tomar decisións.

Consecuencias das privatizacións

- ◆ **Subidas de prezos;** deterioro da calidade dos servizos; perda de postos de traballo; empioramento das condicións laborais dos traballadores; elevación astronómica das retribucións dos directivos; dificultades da Administración para exercer o control do servizo, inefectividade das reclamacións dos usuários; etc.
- ◆ **Debilitamento dos organismos públicos encargados de regular e controlar a provisión dos servizos:** externalización dos seus servizos e funcións.
- ◆ **Estabelecemento de normativas limitantes,** de carácter presupuestario e financeiro, que apelando á libre competencia, impeden de facto a realización de políticas públicas progresivas a través das empresas públicas.

Características da actividade privada

- ◆ Evitan a competencia mediante asociacións e pactos («competencia organizada»).
- ◆ Ineficacia dos sistemas de defensa da competencia (por exemplo, **dar-se de baixa nunha compañía telefónica, tarifas abusivas** por servizos non contratados, etc.)
 - Competencias insuficientes das administracións e sancións non disuasorias (a empresa de recollida do lixo leva incumplindo o prego de condicións do servizo desde o inicio das súas actividades: non limpa os contenedores nos prazos establecidos)
 - Dificultade para conseguir evidencias
- ◆ Actividade multiservizos, que acrescenta a súa poder de actuación e presión (limpeza, agua,

seguranza, etc)

- ◆ Contan co amparo e a aposta dos organismos internacionais de carácter financeiro polo desenvolvemento das multinacionais, favorecendo as privatizacións.

Estudos realizados pola propia Comisión Europea, sobre servizos privatizados, poñen de manifesto:

- ◆ Vulneran-se constantemente os principios de igualdade de acceso, universalidade, continuidade, transparencia, calidade, eficacia económica e social, respecto ao medio ambiente, participación e control público.
- ◆ Dificultade de armonizar o interese xeral coa competencia. Falta de transparencia nas licitacións.
- ◆ Incremento dos casos de corrupción.
- ◆ Constatan-se prácticas restritivas da competencia nos sectores privatizados, mediante asociacións e cárteles. Tendencia á formación de monopolios.
- ◆ **Suba de prezos. Deterioro da calidade dos servizos.**
- ◆ Dificultade para o exercicio efectivo das facultades de control do regulador sobre o operador. Inefectividade dos procedementos reclamatorios individuais.
- ◆ Non se demostrou unha maior eficiencia e calidade nos servizos privatizados.



Un exemplo: características da privatización do suministro de agua no estado español

As privatizacións non obedecen a motivos de eficiencia

Empresas públicas como o Canal de Isabel II, EMACSA ou EMASESA, están entre as máis eficientes, pero existe unha presión constante para a privatización de algunhas delas

Os custos de funcionamento das empresas públicas ben xestionadas, son iguais ou menores que os das privadas

A influencia e o poder das grandes empresas AGBAR e FCC, condicionan a libre competencia e afecta á neutralidade das Administracións nas adjudicacións

Dificultades para facer efectivo o control da Administración sobre o funcionamento real do servizo

Incremento dos beneficios dos empresarios a través de prácticas non reguladas nos contratos de concesión

Constatan-se problemas adicionais nas concesións a longo prazo, especialmente as que levan incluída a construción de infra-estruturas. Caso das depuradoras de Zaragoza e Porto da Cruz.

As empresas privadas diminúen custos habitualmente mediante plantiñas exiguas e insuficientemente cualificadas. Existen problemas para a implantación da negociación colectiva no sector.

O METRO PRIVATIZADO CUSTA 20 VECES MAIS AOS LONDINENSES

A privatización parcial do metro londinense sae-lle á contribuyente vinte veces máis cara que cando a rede era pública, pero non evita as demoras no servizo empréstado, segundo un informe da Cámara dos Comúns e que indica que este ano, investirán no metro da capital británica 1.450 millóns de euros de diñeiro público

De feito, e desde que o metro se converteu fai dous anos nunha alianza de capital privado e público, a pontualidade empiorou en moitas liñas e os fallos de segurancia son máis frecuentes. Os descarrilamentos cuadruplicáronse desde entón, houbo roturas de vías

e violacións de sinais de perigo. A única mellora semella ser unha maior limpeza en trens e estacións.

A maioría deses problemas non están relacionados coa explotación das liñas, se non co seu mantemento e cunhas melloras na infra-estrutura que están a tardar en se implantar moito máis do inicialmente previsto.

Mais caro, peor servizo

Así, dos 1.450 millóns, boa parte irá ás dúas empresas privadas, Metronet e Tube Lins, que se encargan do mantemento dos trens e as vías e os sistemas de sinalización. Segundo o informe, en

1998 a rede do metro recibía o equivalente a 64,5 millóns de euros sen que as prestacións fosen menores que agora.

Pese ao incumplimento dos seus compromisos, as empresas privadas que xestionan o metro londinense obtiveron o ano pasado 146 millóns de euros de beneficios.

Metronet é un consorcio formado por Bombardier, Balfour Beatty, Thames Water, EDF e WS Atkins, mentres que Tube Lins está controlada nun 66% pola española Ferrovial. Ambas asinaron no seu día contratos de 30 anos de duración, para mellorar o sistema de transporte metropolitano.

Conclusións

Este fenómeno modifica o modelo de democracia roubando ao «mercado político» decisións que se producen con supostas lóxicas de “mercado económico”.

Non hai unha posición crítica xeneralizada en relación a este fenómeno por parte dos partidos políticos e outras organizacións sociais poñendo en cuestión as bases teóricas e os resultados reais das mesmas.

Hai unha falla de información e estudos sobre o tema, e sobre a súa incidencia real no servizo e na custe.

A transparencia, participación e mellora da xestión pública como mellor alternativa para manter un servizo público de calidade.

Alternativas

- ♥ Coñecemento e información sobre os procesos de privatización
- ♥ Debate sobre os fundamentos teóricos e os resultados das privatizacións
- ♥ Reforma da xestión pública en busca dunha maior eficacia, eficiencia e equidade
- ♥ Participación cidadána na toma de decisións das administracións
- ♥ Participación sindical na xestión pública